



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2009

No Salón de Actos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:06 horas do día 2 de Decembro de 2009, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria segundo a Orde do Día fixado por Resolución da Alcaldía e notificada ós membros da mesma:

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente

D. Félix Juncal Novas

Grupo BNG

D. Martín Villanueva Pastoriza

D^a Laura Ogando Muñiz

D. Andrés Lamosa Barros

D^a María Teresa Magdaleno Rodríguez

D. Carlos Otero Portela

D. Manuel Otero Pérez

D^a Miriam Ferradáns Ferradás

Grupo PP

D. José Barreiro Malvido (☉)

D. Miguel Juncal Pereira

D^a Susana María Canosa Graña

D. Manuel Santos Pires (☉)

D^a Alicia Fiel Sanmartín

D. Juan José Menduíña Rodríguez

Grupo PSOE

D. José Manuel Vilas Pastoriza

D. José Manuel Castro Dopazo

Secretaria

D^a Lucía Artime Alonso

Interventora

M^a Jesús Bello

☉ Os Concelleiros Sres. Barreiro Malvido e Santos Pires, do P.P., incorpóranse á sesión no terceiro punto da orde do día.

Non asiste a Concelleira Sra. Rebeca Mónica gago Sánchez (BNG).

Antes de comenzar a sesión O S. Alcalde pasa a presentar e dar a benvida á nova Interventora Municipal, dí que ven do concello de Ponteareas e este é o seu segubdo destino, desexalle boa sorte no seu novo traballo, espera que o seu traballo neste concello sexa efectivo (sabe que vai ser así) e espera que o seu traballo en bueu lle sirva para continuar coa súa formación como Interventora.

1. Acta anterior (ordinaria de 4 de novembro de 2009)

No que respecta a aprobación da acta da sesión anterior, non hai intervencións por parte dos



concelleiros. A continuación sometese a acta a aprobación e é aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes (8 votos a favor do BNG, 4 do PP e 2 do PSdG-PSOE)

2. Dación conta das Resolucións da Alcaldía

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, quedando enterada a Corporación Municipal.

3. Resolución expediente de recuperación de oficio sobrante en Cela

Neste momento incorpóranse ao Pleno o Sr. Barreiro e o Sr. Santos Pires. De seguido o Sr. Alcalde-Presidente pasa a explicar o problema que xurdiu no que respecta a Comisión Informativa, pois é certo que non foi celebrada antes da convocatoria do pleno, como é preceptivo, e presenta como solución, tal e como establece o ROF, a pesares de haber sido dictaminada, aínda que non en tempo, a posibilidade de que sexa ratificado o asunto polo Pleno, antes de sometelo a debate. Pide desculpas ao efecto e pregunta aos voceiros que lles parece esta solución.

Intervén o Voceiro do PSdG-PSOE dicindo que lle parece ben a desculpa do Alcalde e se acepta, di que a queixa foi porque queren que as Comisións Informativas sexan operativas, para o que é necesario coñecer dos asuntos en tempo. De seguido intervén o Voceiro do PP falando das súas mocións e pregunta por qué non se introduciron, non entende que teñan que ir á Comisión de Urbanismo e non entende por qué non foron a este plenario. Ao informarlle a secretaria do Concello que vansen introducir por urxencia, remata a súa intervención.

O Sr. Alcalde intervén dicindo que queren mellorar neste ámbito e convocar en tempo e forma para que todos os asuntos sexan coñecidos en profundidade para ser debatidos, dende o goberno rogan aos Grupos da oposición que presten o seu apoio e colaboración e presenten as mocións con tempo suficiente para facer as convocatorias das comisións con prontitude.

De seguido procede a votación da ratificación da inclusión do asunto na orde do día, aprobándose por unanimidade, cos votos favorables dos concelleiros presentes (8 votos a favor do BNG, 6 do PP e 2 do PSdG-PSOE)

De seguido dase lectura do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, de 1 de decembro de 2009 que foi ditaminado favorablemente, cos votos a favor do BNG e a reserva para o Pleno do PP e o PSOE.

De seguido, a Concelleira Delegada de Patrimonio D^a Laura Ogando, pasa a dar lectura da súa propia proposta, de data 26/11/09, do seguinte contido literal:

"Asunto: Expediente de recuperación de oficio.

No pasado Pleno ordinario de data 01.07.2009 acordábase a incoación expediente de recuperación de oficio do do "sobrante Barreiro-Igrexario que de Torre (xunto ó Grupo Escolar) sube ó Cemiterio", outorgando un prazo aos interesados para audiencia

Non consta ningunha alegación ó respecto, aínda que a notificación intentouse primeiro por correo ordinario certificado ao enderezo dos interesados e despois por publicación no BOP de Pontevedra.

Xa que logo, no expediente tramitado existen suficientes elementos de xuízo que poidan fundamentar unha recuperación do oficio do ben usurpado,

E á vista do informado pola Secretaría municipal

Estimando procedente o exercicio da acción de recuperación de oficio da posesión do ben, de acordo cos artigos 70 e 71 do Regulamento de bens das Entidades Locais, podendo empregarse, no seu caso, os medios compulsorios legalmente admitidos, desde esta Concellería veño en elevar ó Pleno da



Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- *Requerir aos interesados para a retirada dos elementos que ocupan o ben municipal do “sobrante Barreiro-Igrexario que de Torre (xunto ó Grupo Escolar) sube ó Cemiterio”, concedéndolle un prazo non superior a 8 días naturais.*

Segundo.- *Advertir aos interesados que en caso de incumprimento do presente requerimento, se procederá á recuperación de oficio polo Concello empregando para elo os medios compulsorios legalmente admitidos e, particularmente, a demolición do peche polos operarios municipais subsidiariamente e a costa dos denunciados. Todo elo, sen perxuízo da oportuna comunicación ó xulgado competente por delicto de desobediencia.”*

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP), dispoñéndose en consecuencia:

Primeiro.-

Requerir aos interesados para a retirada dos elementos que ocupan o ben municipal do “sobrante Barreiro-Igrexario que de Torre (xunto ó Grupo Escolar) sube ó Cemiterio”, concedéndolle un prazo non superior a 8 días naturais.

Segundo.-

Advertir aos interesados que en caso de incumprimento do presente requerimento, se procederá á recuperación de oficio polo Concello empregando para elo os medios compulsorios legalmente admitidos e, particularmente, a demolición do peche polos operarios municipais subsidiariamente e a costa dos denunciados. Todo elo, sen perxuízo da oportuna comunicación ó xulgado competente por delicto de desobediencia.

4. Contestación alegacións D. José Pousada Boubeta, expediente de investigación bens *Alargo camiño na Graña*.

En primeiro lugar, procede a votación da ratificación da inclusión deste punto na orde do día, aprobándose por unanimidade, cos votos favorables dos concelleiros presentes (8 votos a favor do BNG, 6 do PP e 2 do PSdG-PSOE)

O Sr. Alcalde-Presidente pasa a dar lectura do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, de data 1 de decembro de 2009, quedando ditaminado favorablemente, cos votos a favor do BNG e a reserva para o Pleno do PP e o PSOE.

De seguido a Concelleira Delegada de Patrimonio, D^a Laura Ogando, pasa a dar lectura da súa propia Proposta, de data 27/11/09 que, de seguido, se transcribe de xeito literal:

“Asunto: Expediente de investigación de bens “Alargo Camiño na Graña”.

No pasado Pleno ordinario de 2 de Setembro de 2009 acordouse a Incoción do expediente de investigación de bens respecto do Alargo do Camiño da Graña.

Sometido a exposición pública e notificado aos interesados, en data 6 de novembro (REN nº 6844), D. José Pousada Boubeta, presenta alegacións ao procedemento de investigación de bens respecto do Alargo do Camiño da Graña, posto en marcha por este Concello.



Na primeira delas recusa ao instructor, Secretario e certos votantes do acordo de incoación, xustificando dita incoación nunha enemistade manifesta por parte dos mesmos contra o alegante, argumentando que a apertura do procedemento en repetidas ocasións é signo desta enemistade. Ante isto respostamos que trátase dun expediente de investigación no que se pretende dilucidar de quen é a propiedade (podendo resultar do mesmo que a titularidade é privada); non se trata dun procedemento de recuperación de oficio donde se presupon a titularidade municipal, senon dun procedemento de investigación porque hai dúbidas razoables sobre a titularidade do terreo obxecto do expediente.

A existencia de múltiples procedementos, non é consecuencia algunha da presunta enemistade manifesta que alega D. José Pousada Boubeta, senon da caducidade dos distintos procedementos seguidos ata esta data, polo que non se conseguiu o fin perseguido: determinar a titularidade do ben, podendo resultar na resolución do mesmo que os terreos son públicos ou privados. Por todo sto, entendemos que debemos rexeitar esta primeira alegación.

Por estas mesmas razóns xa expostas entendemos rexeitable a segunda alegación na que acusa de desviación de poder e abuso de atribucións. Reiteramos que a conseguente reapertura do proceso é causada pola caducidade do mesmo, sen chegar á resolución algunha, polo que é preciso reabrir o procedemento cantas veces sexa necesario ata chegar a unha conclusión que despexe as dúbidas que sobre a titularidade dos terreos están a plantexarse.

Respecto das demais alegacións, que veñen a redundar sobre o mesmo tema: a caducidade dos procedementos e a conservación de documentos, expoñemos que a caducidade é unha figura que afecta ó procedemento na súa totalidade, polo que o procedente é comeza-lo expediente desde o principio, e repetir tódolos seus trámites. Do contrario, o procedemento estaría viciado de anulabilidade, podendo causar indefensión ós interesados.

Cuestión distinta é a conservación dos documentos obrantes no expediente: se ben se debe iniciar un novo procedemento de investigación e repetir tódolos pasos marcados polo Regulamento de Bens, os informes técnicos, policiais e xurídicos pódense conservar, porque fan referencia a unha situación de facto que non se alterou. Neste caso sí procede acollerse ó principio de conservación de actos (que non dos trámites preceptivos do procedemento), xa que de non ser así, produciríase unha duplicidade de informes, co mesmo contido, pero de distinta data.

Polo que se refire á documentación aportada polos interesados, estes pódense acoller ó dereito que lles asiste en virtude do artigo 35.f) da Lei 30/1992 de non presentar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante, sempre que indiquen a data, órgano do Concello ante o que se presentou e para os efectos de cal expediente; e sen perxuicio de aportar nova documentación.

Por último solicita ao Concello que “faga entrega ao interesado de copia de toda a documentación que o Concello pretenda utilizar no expediente”: esta última petición non poderá ser atendida como consecuencia de indeterminación do concepto; como interesado no expediente que se está a tramitar entendemos que ten dereito ao coñecemento dos documentos que conforman o mesmo, e a súa copia, pero ten que especificar cáles son os documentos que precisa; aínda que sexa o expediente completo, así tería que facelo constar, non considerando válida a expresión utilizada “toda a documentación que o Concello pretenda utilizar no expediente”

Polo exposto dende esta Concellería, veño en elevar ó Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Rexeitar as alegacións 1, 2, 3 e 4 presentadas no seu escrito por D. José Pousada Boubeta.

Segundo.- Admitir parcialmente a alegación 5 coa posibilidade de conservar a documentación presentada polo alegante, sempre que indiquen a data, órgano do Concello ante o que se presentou e para os efectos de cal expediente; e sen perxuicio de aportar nova documentación.



Terceiro.- Notificar persoalmente a presente resolución áo alegante e continuar co expediente."

Intervén a continuación o Sr. Barreiro plantexando varias cuestións. En primeiro lugar dí que inadmitense a 1º, 2º, 3º e 4º e admítese parcialmente a 5º, cando el só ve catro alegacións. A Secretaria dí que hai unha previa, por iso se fala de 5.

En segundo lugar pregunta se a proposta a redactou a Concelleira. Contesta a Sra. Concelleira que foi xunto coa Secretaria. Dí enton o Sr. Barreiro que é moito mellor, aínda que non sexa preceptivo, que exista informe xurídico, pois as cuestións que se tratan sn totalmente xurídicas e pode asegurar que a concelleira non sabe nada de leis.

En terceiro lugar dí que debense dar ben os pasos para que este expediente non sexa maldito, novamente, pois xa se arquivou varias veces e deben facerse ben as cousas para rematalo dunha vez.

E por último expon que non entende como hai uns meses, cndo se pediu toda a información sobre o patrimonio dos concelleiros se lle facilitou toda a documentación e agora pasamos a un criterio radicalmente distinto. Despois de ler o texto do alegante, entende que este pide toda a documentación que hai no expediente e a medida que haxa pide que se lle de traslado (recalca que calquera dos presentes que lea o texto así entende seguro), plo que dí que se queren actuar con claridade deben ser transparentes e trasladarlle toda a documentación ao Sr. Boubeta, o que non se vai facer. Quizais o asunto radica en que o Sr. Boubeta defende os seus intereses contra os do Concello, cando no asunto anterior debía ser algun mas próximo ao equipo de goberno e se tomou a decisión contraria e se lle deu toda a documentación, polo que non entende esta dobre vara de edir segun quen sexa a persoa interesada. Dí que non o pode aceptar e que por iso o seu grupo vai votar en contra.

De seguido, intervén o voceiro socialista, D. José Castro, dicndo que leva seis anos na política e é a primeira vez que non ven o asunto refrendado por Secretaría, o que lle reultou sorprendente negativamente. Dí que xa sabe que esta proposta procede de secretaria, pero non entende por qué non hai informe. Así non saben se esta proposta está refrendada por informe técnico. Mais alá do fondo do asunto, este tipo de expedientes sempre sairon adiante co apoio do PSOE, pero refrendados na existencia de informes técnicos.

Cando fala de pedir toda a documentación, é certo que o Sr. Boubeta non é moi preciso, pero entende que non ten nada malo darlle a documentación que solicita.

Dirixese de seguido ao Sr. Boubeta, presente neste plenario, dicndo qe non existe pola súa parte animadversión algunha, polo que non entende a recusación.

Conclue dicndo que non van votar en contra, pero tampouco a favor, xa que non fai informe de secretaria que refrende a proposta.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, sendo aprobada pola maioría dos membros presentes (8 votos a favor dos membros de BNG (8), abstención do PSOE (2) e voto e contra (6) do PP), dispoñéndose en consecuencia:

Primeiro.-

Rexeitar as alegacións 1, 2, 3 e 4 presentadas no seu escrito por D. José Pousada Boubeta.

Segundo.-

Admitir parcialmente a alegación 5 coa posibilidade de conservar a documentación presentada polo alegante, sempre que indiquen a data, órgano do Concello ante o que se presentou e para os efectos de cal expediente; e sen perxucio de aportar nova documentación.

Terceiro.-

Notificar persoalmente a presente resolución áo alegante e continuar co expediente.



5. Modificación ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar.

En primeiro lugar, procede a votación da ratificación da inclusión deste punto na orde do día, aprobándose por unanimidade, cos votos favorables dos concelleiros presentes (8 votos a favor do BNG, 6 do PP e 2 do PSdG-PSOE)

O Sr. Alcalde-Presidente pasa a dar lectura do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, de data 1 de decembro de 2009, quedando ditaminado favorablemente, cos votos a favor do BNG e o PSOE, e a reserva para o Pleno do PP.

De seguido a Concelleira Delegada de Patrimonio D^a Laura Ogando, pasa a dar lectura da súa propia Proposta de data 26/11/09.

Interven o Sr. Barreiro, voceiro popular, dicindo que toda a normativa anterior se debería haber tido en conta xa na aprobación do regulamento, e facer o cambio de taxa a prezo público.

De seguido o sr. Castro, Voceiro socialista, dicindo que van votar a favor pois entenden a premura da aprobación no que respecta aos beneficiarios.

Intervén o sr. Pires pedindo unha aclaración no que respecta á existencia de prezo mínimo, coste do servizo e prezo público, pois non lle casan os datos. Pregunta se os mesmos non deberían coincidir, é unha dúbida económica a que se lle plantexa.

Responde a Sra. Interventora explicando que o prezo público debe ser igual o superior ao coste do servizo, que se estableceu neste caso en doce euros, polo que o prezo e o coste coinciden, outra cousa é que a este se lle aplicaron as deducións establecidas pola aplicación do IPREM, pero o prezos e o coste coinciden.

A continuación, o Sr. Barreiro pregunta que si o límite é o 60%, as familias que non chegan a este porcentaxe, que verdadeiramente teñen necesidades económicas, teñen posibilidade de dedución algunha.

A interventora responde que non, que non hai máis deducións, bonificación e exencións que as establecidas na ordenanza e que se tiveron en conta os porcentaxes que veñen na Orde da Xunta.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP), dispoñéndose en consecuencia:

- ✓ **Aprobación inicial da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación de axuda no fogar por libre concorrencia e persoas valoradas como dependentes adaptándose a Orde de 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar.**

6. Moción PSdG-PSOE: Reposición carpintería Centros educativos de Bueu

O Voceiro socialista, antes de dar lectura a súa moción plantexa as seguintes precisións: unha de carácter gramatical, dicindo que onde pon ventás debería constar fiestras e a segunda que onde se dí Plan zapatero debería dicir Plan E. De seguido procede a dar lectura da moción que conclúe coas



seguintes propostas_

- ✓ A reposición da carpintería metálica nos Centros de Educación Infantil e Primaria do Concello de Bueu que presenten deficiencias, a través dos fondos propios municipais ou da súa inclusión no próximo Plan ZP.
- ✓ No caso de que o equipo de goberno non teña a ben obter polas vías de financiación arriba indicadas se execute a colocación a través da firma dun convenio entre o Concello e a Administración Autonómica.

De seguido pasa a explicar a posibilidade de usar parte do novo fondo estatal para o arranxo dos centros educativos de bueu, como así o fan outros concellos, xa que parece que o Concello pretende destinar todos os cartos a construción dun campo de fútbol. Dí que lle parece un bo momento para recordarlle estas inversións, xa que o Concello tena intención de aprobar os orzamentos nos primeiros meses do ano, e que así o teña presente. Dí que optan tamén pola posibilidade de asinar un Convenio, se o Concello non se fai cargo destes gastos. Por último, quere adiantar que dende a dirección dos Centros de Beluso e A Pedra están dacordo coa moción e engade que lles animaron para presentala.

Intervén o voceiro popular, Sr. Barreiro, dicindo que están dacordo co PSOE pero lles gustaría saber se o Centro de Cela, que ten moitas deficiencias e carencias, non refrenda ou non coñece esta moción.

Resposta o Voceiro socialista dicindo que sí tiveron coñecemento, pois lle mandaron un email e o recibiron, pero que non recibiron resposta ao mesmo.

Segue o Sr. Barreiro coa súa intervención dicindo que pode suceder que non sexan os momentos adecuados para estas actuacións; agora ben, dí que para estes fins hai un plan estatal que podería subvencionar estas actuacións e senon con calquera outros recursos. Afirma que van votar a favor desta moción.

Toma a palabra o Concelleiro nacionalista, Sr. Otero, dicindo que o BNG coñece a situación, pero entenden que non é unha obriga do Concello senon da Consellería de Educación, xa que o Concello non ten recursos abondo para asumir obrigas que non sexan propias. Están dacordo coa segunda opción plantexada.

O Sr. Castro dí que o único que lles interesa é o presente e o futuro: que os nosos rapaces non perdan calor. Dí que por desgraza non se fixo realidade o acordo do anterior bipartito e o que lle interesa é que se resolva este problema o mais cedo posible, polo ben dos rapaces de Bueu.

Contesta o Sr. Barreiro que non quere xenerar polémica, pero que había unha proposta por parte do bipartito, pero non fixo nada, e por non facer todo o que dixo está foro do Goberno, pois o pobo é soberano. Pregunta cuántos documentos e escritos presentaron para resolver este problema fronte o bipartito e remata dicindo que non ten que botar as culpas ao Goberno actual, pois seguro que ao final agradecerá o Goberno do PP, pois é quen lle vai resolver os problemas.

Intervén o Sr. Alcalde poñendo de manifesto que pensou que neste asunto, o mantemento dos centros de educación, había consenso, pois malamente este concello, ou calquera outro, cos seus recursos pode asumir obrigas que non lle corresponden. Aínda así, este Concello asumiu con cargo aos seus orzamentos gastos nos centros escolares: 80.000 en A Pedra para a construción dun ximnasio, acondicionamento dun aula en Beluso para o Comedor, actuacións de mantemento en Cela... expresa que este goberno estivo comprometido coas actuacións e houbo moitas conversas, froito das mesmas é a obra do ximnasio; tamén o compromiso da Consellería para a remodelación ou construción do novo CEIP A Torre, pois necesita unha reforma integral e xa hai un informe de



necesidades; tamén hai conversas coa ANPA e un compromiso para a reparación das fiestras de A Torre. Prosegue dicindo que o Concello ten que cumprir coas súas obrigas e competencias e ten a máxima de colaborar sempre coas outras administracións pero non ten que asumir obrigas que non lle corresponden, pois os recursos son limitados e as veces os concellos atopanse en situacións delicadas por asumir obrigas non propias. Remata expoñendo que van votar a favor da segunda opción.

Pide a palabra o Voceiro do PSOE, o Sr. Castro, expoñendo que el é quen ten que pechar o debate, pois lle corresponde ao abeiro do ROF e será el quen debe dicir cómo se presenta a votación e non o Alcalde, pero como está o Alcalde tan acostumeado a pechalo debate, pois debeu esquecerse... sinala que debe votarse tal e como se presentou.

Tras un pequeno debate, procédese á votación en conxunto, deixando constar o BNG que optarían pola 2ª opción que se plantexa.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP), dispoñéndose en consecuencia:

- ✓ A reposición da carpintería metálica nos Centros de Educación Infantil e Primaria do Concello de Bueu que presenten deficiencias, a través dos fondos propios municipais ou da súa inclusión no próximo Plan ZP.
- ✓ No caso de que o equipo de goberno non teña a ben obter polas vías de financiación arriba indicadas se execute a colocación a través da firma dun convenio entre o Concello e a Administración Autonómica.

De seguido, procede a votación da urxencia das dúas mocións presentadas polo PP, para seu debate neste plenario. O Sr. Alcalde pregunta se queren motivar a urxencia ao que o Sr. Barreiro responde que se queren ser exquisitos non hai razóns para a urxencia, pero que se son flexibles votárase directamente a urxencia como se fixo sempre. Procede a votación da urxencia, acadando a unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP).

7. Moción PP sobre construción dous pantaláns no Porto de Bueu

Procede o Sr. Barreiro, Voceiro Popular, a dar lectura da moción por eles presentada, que conclúe coa seguinte proposta:

1. Levar a cabo a instalación de dous pantaláns no porto de Bueu, a maior brevidade posible, dada a precaria situación na que se atopa actualmente a flota mariñeira.
2. Ó obxecto de coordinar mellor a súa ubicación, capacidade e demais cuestións técnicas en relación cos peiraos flotantes, deberá terse en conta o parecer dos mariñeiros e pescadores, verdadeiros coñecedores do asunto, de xeito que, con anterioridade á instalación se consulte cos representantes dos usuarios na procura dunha solución o máis aseitada posible.
3. Remitir este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, e ó Presidente de Portos de Galicia.

Explica que o Presidente de portos atendeu distintas reivindicacións, sendo unha de elas do Patro Maior de construción de pantaláns. Considerando que é importante que non quede a cousa en meras verbas, é importante que o Concello presente un revulsivo e que o Presidente de Portos non



se esqueza e que estes pantaláns pasen a ser unha realidade. Engade unha segunda petición, é que se teña en conta as opinións dos mariñeiros á hora de facer actuacións neste ámbito.

Interven o Sr. Castro e expresa que van votar a favor, pero que é unha magoa que non fosen invitados a ese acto, e que lles gustaría que en vindeiras ocasións se lles invite pois tamén forman parte da corporación.

O Sr. Alcalde dí que suscriben todo o exposto e os tres puntos plantexados e que van votar a favor.

O Sr. Barreiro dí que foi un erro non invitar ao PSOE, pensou que todos estaban invitados ao acto e pide disculpas por elo. Ao mesmo tempo agradece o voto a favor da súa moción aos dous grupos municipais.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación a moción presentada, sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP), dispoñéndose en consecuencia:

1. Levar a cabo a instalación de dous pantaláns no porto de Bueu, a maior brevidade posible, dada a precaria situación na que se atopa actualmente a flota mariñeira.
2. Ó obxecto de coordinar mellor a súa ubicación, capacidade e demais cuestións técnicas en relación cos peiraos flotantes, deberá terse en conta o parecer dos mariñeiros e pescadores, verdadeiros coñecedores do asunto, de xeito que, con anterioridade á instalación se consulte cos representantes dos usuarios na procura dunha solución o máis aseitada posible.
3. Remitir este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, e ó Presidente de Portos de Galicia.

8. Moción PP construción rampa Porto de Bueu

Non lé o Sr. Barreiro a moción pois é igual que a anterior, substituindo pantaláns por rampa de acceso. Dí que a rampa foi pedida en moitas ocasións polo Clube de Remo, pois é unha preocupación constante do presidente, sobre todo para os mais cativos. Queren que se vexa novamente un respaldo do Concello a esta proposta.

Intervén o Conceleiro de Deportes Sr. Otero dicindo que está totalmente dacordo coas mocións e lle parece que para o Clube de remo é algo fundamental, pois non hai acceso por esa parte.

O Sr. Barreiro volve a agradecer a posición dos grupos e espera que as actuacións se leven a cabo o antes posible, pois aínda que non é unha obra de moito custe, é moi necesaria. Remata dicindo que espera que esta situación de cordialidade entre os grupos se manteña no tempo.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación a moción presentada, sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor dos membros de BNG (8), PSOE (2) e 6 do PP), dispoñéndose en consecuencia:

1. Levar a cabo a construción dunha rampa nas inmediacións das instalacións que actualmente disfruta o Clube de Remo en Pescadoira que lle permita levar a cabo a súa actividade en condicións menos penosas das actuais.
2. Ó obxecto de coordinar mellor a súa ubicación exacta e demais cuestións técnicas en relación coa rampa deberá terse en conta o parecer dos remeiros a través dos seus representantes na procura dunha solución o máis axeitada posible.
3. Remitir este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, e ó Presidente de Portos de Galicia.



9. Rogos e Preguntas

- En primeiro lugar, interven a **Sra. Canosa Graña** dicindo que vista a boa actitude e o espírito navideño que reina neste Plenario, aínda que tiña catro preguntas e un rogo, non as vai facer.
- En segundo lugar intervéñ o Sr. Santos Pires, concelleiro popular, facendo unha serie de preguntas sobre o mercadiño ambulante. En primeiro lugar pregunta que por qué o Goberno municipal incumpre de maneira sistemática o Regulamento no que respecta a renovación dos postos. En segundo lugar, pregunta por qué existen usuarios que non teñen titularidade de postos. En terceiro lugar pregunta se as vendedoras de excedentes de produción pagan lixo. Por último roga que se fagan ben as cousas e que se regularice a situación do mercadiño.

Resposta o Sr. alcalde que o goberno municipal está relativamente satisfeito do funcionamento da Praza e do Mercadiño, aínda que ao mellor non tanto das mulleres que luns, xoves e sabados venden produtos do campo. Discrepa a grandes rasgos da primeira intervención do Sr. Pires pois fai uns meses resolveronse algunha desas situacións: Di que pode haber algun sen titularidade, non o sabe a ciencia certa, pero a xeneralidade non é esa. Remata dicindo que as preguntas máis concretas lle responderá por escrito.

- Comeza o Voceiro do PSdG-PSOE, **Don José Castro** coa súa quenda de preguntas.

En primeiro lugar pregunta se esta dacordo coas manifestacións do presidente do patronato das Illas Ons, D. Fernando Garrido, xa que o Alcalde é membro do Patronato. Pregunta se foi unha manifestación persoal ou conxunta do Patronato.

En segundo lugar pregunta por as fiestras ficticias dunha nave municipal no parque empresarial: hai factura pero non vemos as novas fiestras por ningún lado.

En terceiro lugar pregunta pola situación dun poste de luz que está na Rúa Santán con Ramon Bares. Por último, pregunta se a apertura frontal do Parque dos galos vai ser definitiva ou é provisional: Manifesta que lle gustaría que se fixera de forma definitiva pois queda moi ben así. Aproveita para desexar un bo nadal e felicitar as festas a todos os presentes.

Responde o **Sr. Alcalde** respecto da primeira cuestión que, polo respecto que lle merece D. Fernando Garrido non debe entrar a valorar as súas verbas.

No que respecta a segunda cuestión, cre que hai unha factura sobre parte da fiestras e espera que o resto se coloquen neste mes ou no seguinte. Respecto ao poste de luz dí que é certo, que no momento no que se inicie unha obra a empresa concesionaria Fenosa debe presentar autorización para colocación de postes. Di que pronto se vai resolver este problema e espera que non se repita porque lle molesta moito esta situación. Respecto da última cuestión o Alcalde di que esa vai ser a entrada definitiva porque as obras xa están rematadas.

Interven, de seguido, o **Sr. Barreiro** preguntando pola estrutura metálica que se levou a Toledo. Quere saber qué pasa con isto e cal é a situación actual. En segundo lugar pregunta pola chimenea de massó, se está pilotada a súa base. Roga que os Técnicos vexan se continua na mesma situación, se segue inclinada. Remata dicindo que se non se volven a ver neste ano, que teñan un Feliz nadal e que se cumpran os desexos de todos.

Responde o **Sr. Alcalde** explicando a situación de Strumajer, a empresa que levou a cabo esta "restauración", e o intento de resolución do contrato por mutuo acordo para o que no seu momento presentou unha liquidación coa que o Concello non estaba dacordo e así se lles fixo saber. Nestes últimos tempos presentaron outra nova liquidación, da que o Concello, tras o análise do expediente pola Secretaria e o Arquitecto Municipal, segue discrepando pois nos pasan gastos que ao abeiro do expediente non proceden. Unha vez que cheguemos a acordo para a resolución, a Corporación



CONCELLO DE BUEU

debe facerse cargo da estrutura e decidir que se pode facer coa nave. Debemos verificar a situación e estado de conservación de ditas estruturas.

Intervén neste momento o Sr. Castro dicindo que foi a Cebolla e veu a estrutura e imos ter problemas porque o material esta dentro dunha propiedade da empresa pero a intemperie, a carón dunha estrada entre Cebolla e Talavera. O Sr. Barreiro solicita que se remita un escrito para saber cal é a situación actual e estado das estruturas da nave Massó.

Prosegue o Sr. alcalde coa última cuestión plantexada polo Sr. Barreiro respecto da chimenea de massó, dicindo que o Arquitecto Municipal non vai informar a recepción da obra ata que haxa un informe técnico que garanta a situación da chimenea. non obstante di que este Concello entende que debe manterse a estrutura metálica.

Interven neste momento o concelleiro popular, Sr. Juncal, dicindo que se teñe que manterse a estrutura que vaia por dentro e non por fora, pois así desvirtúase o monumento.

E non habendo mais intervencións nin mais asuntos a tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 22:05 horas do día ó principio sinalado, de tódolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

A Secretaria,

Vº Pr.
O Alcalde,

Asdo: Lucía Artime Alonso

Asdo: Félix Juncal Novas